

Un recurso para innovadores: 122 estudos de caso de proxectos innovadores da política de cohesión

Un recurso para innovadores: 122 estudos de caso de proxectos innovadores da política de cohesión

Co fin de apoiar o intercambio de experiencias entre profesionais da innovación nas rexións e cidades de Europa, púxose a disposición do público estudos de caso detallados de 122 proxectos cofinanciados pola política de cohesión da Unión Europea.

Entre estes estudos de caso inclúense os 26 finalistas RegioStars de 2008 máis outros 58 estudos de caso procedentes dos programas dos Obxectivos 1 e 2 para o período 2000-2006. Estas novas descrições complementan a información dos 38 casos dos programas rexionais de accións innovadoras 2000-2006, publicados en 2007.

Os estudos de caso presentan os obxectivos e actividades dos proxectos, o contexto estratéxico, os aspectos innovadores, os socios participantes, os obstáculos encontrados a nivel de deseño ou de aplicación, e as prácticas de resolución de problemas, así como os resultados e as leccións aprendidas.